



## ORDENANZA FISCAL 1 REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS

### PREÁMBULO

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución española, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Excmo. Concello de Pontevedra establece a taxa pola prestación do servizo de expedición de documentos administrativos, a que se refire o artigo 20.4.a) do citado Real decreto lexislativo que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, e as súas normas atenden ao previsto no artigo 57 do citado Real decreto lexislativo.

### Artigo 1. Feito imponible

Constitúe o feito imponible desta taxa a actividade municipal técnica e administrativa motivada pola tramitación, a instancia de parte, de toda clase de documentos que expida e de expedientes que entenda a Administración ou as autoridades municipais.

Para estes efectos, entenderase tramitada a instancia de parte calquera documentación administrativa que fora provocada polo particular ou redunde no seu beneficio, áñda que non tivese mediado solicitude expresa do interesado.

### Artigo 2. Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades sen personalidade xurídica ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que soliciten, provoquen ou que no seu interese redunde a tramitación do documento ou expediente de que se trate.

### Artigo 3. Responsábeis

Os supostos de responsabilidade, xa sexa subsidiaria ou solidaria, serán os previstos na normativa tributaria.

### Artigo 4. Beneficios fiscais

Gozarán de exención aqueles contribuíntes nos que concorra alguma das seguintes circunstancias:

- Que teñan recoñecido o dereito á asistencia xurídica gratuíta, respecto aos expedientes que produciron efecto, precisamente, no procedemento xudicial do que se trate.
- Os estudantes que soliciten a expedición de documentos, consecuencia de estudos esixidos por centros educativos de calquera tipo que gardan relación co obxecto do seu estudo, baixo criterio do Servizo de xestión tributaria.

### Artigo 5. Base imponible

Tomarase como base para a determinación do importe desta taxa os custos directos e indirectos necesarios para garantir o mantemento e desenvolvemento razoable do servizo de expedición de documentos administrativos.

## Artigo 6. Cota tributaria

A taxa esixirase de acordo co seguinte cadro de tarifas:

### 6.1. Certificacións de libros de actas de sesións

6.1.1.-Por cada certificación expedida polo Secretario do Pleno, Secretario da Administración Municipal ou Secretario da Xunta de Goberno Local deste Concello relativa a actas cuxa data se concrete na correspondente instancia.....	5,13 €
6.1.2.-Se non se concretase data pero sí a referencia ao derradeiro quinquenio, incrementarase en .....	3,01 €
6.1.3.-Por cada quinquenio anterior ao derradeiro incrementarase en .....	3,01 €

### 6.2. Outras certificacións

6.2.1.-Por cada certificación expedida polo Secretario do Pleno, Secretario da Administración Municipal ou Secretario da Xunta de Goberno Local deste Concello relativa a documentos cuxa data se concrete na instancia e estea referida ao derradeiro quinquenio ou certificados de estar ao corrente nas correspondentes obrigas tributarias.....	5,13 €
6.2.2.-Cando se concrete a data e estea comprendida no tempo anterior ao derradeiro quinquenio, incrementarase por cada quinquenio atrasado .....	1,00 €
6.2.3.-Se non se concretase data pero sí a referencia ao derradeiro quinquenio, incrementarase en .....	7,12 €
6.2.4.-Por cada quinquenio anterior ao derradeiro incrementarase en .....	2,01 €
6.2.5.-Certificacións de información sesgada do Padrón de habitantes en función da idade, sexo ou outras circunstancias .....	66,80 €
6.2.6.-Certificados de empadroamento .....	3,27 €
6.2.7.-Certificacións doutros documentos non comprendidos anteriormente.....	10,24 €

### 6.3. Documentos urbanísticos

6.3.1.-Por declaración de ruína en núcleo urbano.....	1.547,69 €
6.3.2.-Por declaración de ruína en núcleo rural.....	1.024,36 €
6.3.3.-Polo mero recoñecemento do estado dunha finca ou das condicións de seguridade de elementos de construcción civil en fincas particulares (muros de cerramento, de contención, postes).....	153,66 €
6.3.4.-Recoñecemento de condicións de seguridade de naves e galpóns de menos de 50 m <sup>2</sup> .....	20,94 €
6.3.5.-Recoñecemento de condicións de seguridade de naves de mais de 50 m <sup>2</sup> .....	256,09 €
6.3.6.-Recoñecemento de condicións de seguridade de vivendas unifamiliares .....	512,19 €
6.3.7.-Recoñecemento de condicións de seguridade de edificacións de vivendas, usos colectivos e outros .....	153,66 €
6.3.8.-Por consultas e informes urbanísticos, por cada finca catastral, así como cada informe previo a unha autorización autonómica necesaria conforme á lexislación do solo.....	103,00 €
6.3.9.-Por demarcación de alíñaciones e rasantes (ata 10 metros).....	64,02 €
Por cada metro ou fracción que exceda dos 10 anteriores: No solo urbano.....	12,82 €
No solo rústico.....	7,69 €
6.3.10.-Cando para proceder á demarcación anterior houbese de procederse a unha tira de cordas as cantidades anteriores incrementaranse en .....	103,01 €
6.3.11.-Por cada solicitude de expropiación forzosa en favor de particulares: Ata 10 hectáreas.....	0,03 €/m <sup>2</sup>
exceso de 10 hectáreas en diante.....	0,02 €/m <sup>2</sup>
6.3.12.-No caso de que os terreos afectados pola expropiación estean edificados ou cultivados multiplicarase o resultado da aplicación das tarifas anteriores polo factor 1,40. Satisfarase unha cota mínima de 589,01 €, no caso de que a que resulte da liquidación practicada de acordo cos apartados anteriores sexa inferior á citada cifra.	



#### 6.4. Productos cartográficos

VOO FOTOGRAFETICO		
FOTOGRAMAS EN PAPEL:		
6.4.1.-Fotograma 23 X 23 cm.....		8,91 €
6.4.2.-Ampliación 50 X 50 cm.....		33,40 €
6.4.3.-Ampliación 1 x 1 m.....		83,52 €
FOTOGRAMA DIXITAL EN CD		
6.4.4.-Escala 1/3000, 1/8000 o 1/15000.....		22,26 €
FOTOGRAFETIA DIXITAL		
6.4.5.-Ortofoto TIF, a escala 1/5000 papel ou CD:.....		27,84 €
6.4.6.-Ortofoto papel a escala 1/1000, papel ou CD:.....		44,54 €
6.4.7.-Ortofoto de más de 6 follas, cada 6 sen escala:.....		116,9 2€
CARTOGRAFIA DIXITAL		
6.4.8.-Folla calquera escala, CD:.....		5,57 €
6.4.9.-Folla calquera escala, papel:.....		5,57 €
6.4.10.-Colección completa de 1/500, papel ou CD:.....		105,88 €
6.4.11.-Colección completa de 1/1000, papel ou CD:.....		339,61 €
6.4.12.-Colección completa de 1/2000, papel ou CD:.....		205,99 €
6.4.13.-Colección completa de 1/5000, papel ou CD:.....		105,78 €
6.4.14.-Ortotomapa a calquera escala:.....		folla+orto
6.4.15.-Formatos diferentes a dwg, por folla:.....		1,11 €

#### 6.5. Celebración de matrimonios civís

Polos servizos de ceremonial e utilización do salón de sesións desta Casa do Concello.....	81,73 €
--	---------

#### 6.6. Dereitos de exame

Para opositar aos grupos A e B ou equivalentes.....	33,40 €
Para opositar aos grupos C, D o E e os equivalentes.....	16,71 €

#### 6.7. Formalización de contratos administrativos

6.7.1-Cando o importe de adxudicación do contrato non exceda de 6.010,12€.....	53,17 €
6.7.2.-Polo exceso comprendido entre 6.010,13€ e 30.050,61€ .....	0,39 %
6.7.3.-Polo exceso comprendido entre 30.050,62€ e 60.101,21€.....	0,13 %
6.7.4.-Polo exceso comprendido entre 60.101,22€ e 152.530,30€ .....	0,08 %
6.7.5.-Polo exceso comprendido entre 152.530,31€ e 601.012,10€.....	0,04 %
6.7.6.-Polo que excede de 601.012,11€.....	0,02 %

#### 6.8. Outros documentos

6.8.1.-Por cada dilixencia de verificación da suficiencia de poderes que teña que producir efectos nas oficinas municipais.....	10,24 €
6.8.2.-As copias de planos existentes na oficina de obras, ademais da factura.....	2,01 €
6.8.3.-Diligencia de compulsa de documentos (por cada folla incluída as dúas caras).....	1,09 €
6.8.4.-Fotocopias (cada folio, DIN A4).....	0,09 €
6.8.5.-Informe da Policía local sobre accidente de tráfico.....	83,52 €
6.8.6.-Informe do corpo de bombeiros por incendio.....	83,52 €
6.8.7.-Outros informes emitidos polo persoal técnico municipal.....	55,58 €
Libros e publicacións editados polo Concello.....	Segundo custos de edición

#### Artigo 7. Período impositivo e devengo

1. A taxa devengase cando se presente a solicitude que inicie a tramitación dos documentos ou expedientes suxeitos ao tributo.

2. Nos casos aos que se refire o parágrafo núm. 2 do artigo 1, o dereito á percepción prodúcese cando teñan lugar as circunstancias que provoquen a actuación municipal de oficio ou cando se inicie esta sen previa solicitude do interesado pero redunde no seu beneficio.

#### **Artigo 8.- Normas de xestión**

1. A taxa esixirase en réxime de autoliquidación, e, normalmente, polo procedemento de validación mecánica estampada no escrito de solicitude de tramitación do documento ou expediente, ou nestes mesmos se aquel escrito non existise, ou a solicitude non fose expresa.

2. O importe desta taxa esixirase mediante o pagamento en efectivo en entidade colaboradora dunha autoliquidación, nos supostos previstos no artigo 5 apartados 3, 4, 5, 6 e 7, así como nos seguintes supostos dos apartados 2 e 8: certificacións de información sesgada do Padrón de habitantes en función da idade, ou sexo ou outras circunstancias; informe da Policía local sobre accidente de tráfico; informe do corpo de bombeiros por incendio; outros informes emitidos polo persoal técnico municipal; e libros e publicacións editados polo Concello.

Neste caso substituirase a validación mecánica por un duplicado da autoliquidación cobrada, que se unirá ao escrito presentado.

A falla de pagamento do importe da taxa impedirá que se inicie a actividade administrativa.

3. O prazo de pago en período voluntario das autoliquidacións será de cinco días naturais, sen prexuízo do disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

4. O medio normal de xustificación da exención prevista no artigo 4.b) será un informe ou escrito, firmado polo persoal baixo cuxa dirección realícese o estudo, no que se xustifique a necesidade da documentación.

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL**

1. A contía da cota da taxa poderase actualizar conforme ao Índice de Prezos do Consumo (IPC) establecido para o Estado polo Instituto Nacional de Estatística (INE).

2. O cálculo da actualización farase tendo en conta a evolución do IPC durante o período comprendido entre o mes de agosto do ano no que se aprobara a ultima actualización e o mes de xullo do ano inmediatamente anterior ao da súa aplicación, ambos inclusive.

3. A actualización requirirá, para a súa efectividade, a súa aprobación polo Pleno, conforme ao procedemento previsto no artigo 17 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

#### **DISPOSICIÓN FINAL**

A presente modificación da Ordenanza, aprobada polo Pleno da Corporación na súa sesión do día 27 de febreiro de 1997, aprobouse polo propio Pleno na súa sesión do día 13 de novembro de 2012, e, unha vez publicada integralmente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2013, producindo efectos ata a súa modificación ou derogación.